



.....

Xornada en liña

Novas plataformas de comunicación O galego vive nas Redes

.....

Martes, 25 de maio de 2021 ás 19:00 horas



O galego atopou na Rede un espazo onde medrar e establecerse. As novas plataformas e redes sociais non son alleas á nosa lingua, que viviu unha expansión constante nos últimos dos anos ao contar con ducias de creadores de contido en YouTube, Tik-Tok, Twitch ou Twitter. A mensaxe é clara: o galego é unha lingua con autonomía, cun público de seu e unha comunidade que pide e quere máis.

Como usamos o galego nas Redes? Que novos retos ten por diante nas novas plataformas? Que barreiras atopa? Que liberdades encontrou? Nesta xornada virtual configurada como unha mesa redonda de cinco voces tratarase de afondar nestas e outras cuestións a través dalgúns creadores ou partícipes desa comunidade galega que habita en Internet, sexa a través das novas tendencias audiovisuais, da divulgación da lingua ou da asociación e a procura de crear unha comunidade autosuficiente.

O auxe dos *podcast*, a explosión do *streaming* a través de Twitch, o foro moderno de Discord, a capacidade humorística dos memes... A lingua galega está presente dun xeito real en calquera destes fenómenos, que se moven entre un acceso tecnolóxico cada vez máis doado e barato e un interese social e cultural na relevancia dos produtos locais, mais con idea global.

Programa

19:00 horas
Presentación

MESA REDONDA

Modera:

Carlos Pereiro, xornalista e director da revista Morcego, amais de membro da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do Consello de Cultura Galega.

- Esther Estévez

Xornalista na CRTVG. Está a lograr unha notoriedade pública grazas ao seu traballo divulgativo no Digocho Eu, amais do seu labor e orixinalidade no uso do Tik-Tok.

- Agos Reigosa

Coñecido como un dos veteranos das redes galegas, é agora un dos responsables detrás de Twitch en Galego, plataforma que busca a agrupación e asociación dos creadores de contido do país neste servizo.

- María Sabarís

Xornalista na diáspora, acaba de estrear Fôra de mapa, un *podcast* que busca dar a coñecer as minorías menos visibles que existen en Europa.

- Jon Amil

Unha das caras máis visibles do chamado Galituiter e xestor da conta Emgalego, un dos últimos fenómenos (e dos máis efectivos) para a expansión e divulgación do reintegracionismo e a resolución de dúbidas sobre a lingua galega.

Organiza

Sección de Lingua, Literatura e Comunicación (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Carlos Pereiro

Participa

A actividade non será presencial e non é necesaria inscrición previa.

O debate terá lugar ás 19:00 horas o día 25 de maio de 2021. O público pode acceder á emisión pública a través da web do Consello da Cultura Galega, da nosa canle en Youtube ou na plataforma Twitch. Unha vez finalizado, desaparecerá de Twitch para ficar unicamente nas canles habituais do CCG para consumo en diferido (Mediateca e Youtube).

Podes participar a través do chat de Twitch.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

